



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 26 de febreiro de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 26 de febreiro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 19/02/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/778

Dáse conta de proposta do Encargado de Obras en relación coa necesaria reparación de beirarrúas nas seguintes rúas: Arcebispo Lago; Edelmiro Trillo, Avda. da Mariña, Alfredo Brañas e Agustín Romero, e das ofertas presentadas para o subministro de material necesario:

- Ramón Maneiro Cadillo, que ofrece o prezo de 5.550,85 € (IVE incluído).
- INTERMACO, S.L., que ofrece o prezo de 5.363,30 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **INTERMACO, S.L.** o subministro de baldosas para reparación de beirarrúas, por un importe total de 5.363,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.210, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/779

Dáse conta de proposta do Encargado de Obras en relación coa necesaria reparación saneamento de fecais e pluviais en diversos lugares (Castroagudín, Bamio, Solobeira, Santa Mariña, As Laxes-Renza, Doutor Tourón, San Roque, Edelmiro Trillo, Padre Feijoo e Cornazo, e das ofertas presentadas para o subministro de tubaxe necesario:

- INTERMACO, S.L., que ofrece o prezo de 7.310,82 € (IVE incluído).
- SOBRINO G, S.A., que ofrece o prezo de 7.483,39 € (IVE incluído)
- Ramón Maneiro Cadillo, que ofrece o prezo de 5.550,85 € (IVE incluído).
- CASTROMÁN I, S.L., que ofrece o prezo de 8.027,40 € (IVE incluído)



A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **INTERMACO, S.L.** o subministro de tubaxe, por un importe total de 7.310,82 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/780

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Maderas J. Redondo, S.L.** para reposición de catro portas e marcos para a Casa de Cultura de Carril, por un importe total de 1.397,55 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/781

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Construcciones Metálicas Cuevas, S.L.** para o subministro e colocación de porta de acceso ao edificio do Centro de Formación de Matosinhos dado o deterioro que presenta a actual porta, por un importe total de 1.754,17 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/782

Dáse conta do escrito presentado por **D. Juan Carlos Gil Ramos**, denunciando o estacionamento dun vehículo con publicidade na Avda. As Carolinas, á altura do nº 42.

Dáse conta de informe da Policía Local indicando que realizada inspección ocular comprobouse que o vehículo matrícula PO0068BJ, propiedade de Dona María José Silva Bragaña, rotulado como Rótulos Marsil, con publicidade de "Supermercado Nito de Corón – Vilanova de Arousa", se atopa estacionado, sen dispor de autorización municipal, contravindo o establecido no Art. 8.6 da Ordenanza Municipal de Circulación, que indica: *Queda prohibido o estacionamento nas vías urbanas de remolques ou similares con fins publicitarios, agás que dispoñan da correspondente autorización municipal.*

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir a Dona M^a José Silva Bragaña para que proceda á inmediata retirada do vehículo e se absteña de realizar este tipo de estacionamentos carecendo da correspondente autorización municipal.

PRP2018/784

Dáse conta de escrito presentado por **GRUPORESA, S.L.** solicitando autorización para acceso con un camión na Rúa Alcalde Rey Daviña, con motivo da realización de obras de rehabilitación de edificio, achegando o xustificante de pago de fianza para garantir a reposición de servizos afectados, por importe de 2.000 €.

Vista a licenza municipal de obras concedida (Exp. 324/08) e visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo cumprirse as seguintes condicións:



- O paso e uso desta maquinaria non deberá realizarse en horas punta, entre as 12:00 e as 14:00 horas e entre as 18:00 e as 20:00 horas en inverno, e entre as 12:00 e as 14:00 horas e entre as 20:30 e as 22:00 horas en verán.
- A vía de entrada deberá ser por Rúa Juan Francisco Fontán, accedendo á obra por Rúa Alcalde Rey Daviña e saíndo pola Rúa Valentin Viqueira, debendo acompañar os vehículos persoal que sinalice as manobras para garantir a seguridade dos peóns. Así mesmo deberán cumprir o indicado no artigo 65 e seguintes da Ordenanza Municipal de Circulación.

PRP2018/785

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Paula Loureiro García**, solicitando a colocación de folia cos horarios da liña de autobús do Hospital do Salnés.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que polo Servizo Municipal de Obras se proceda á colocación dunha placa adicional ao sinal cos horarios dos autobuses, así como completar a información coa colocación dun adhesivo na marquesiña, coa lenda das paradas e sinalando horarios e frecuencias e o lugar onde se atopa o peón.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2018/786

Vista a proposta do Director da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Oficinas Ofint C.B.** para o subministro de material para a impresora-fotocopiadora do citado Servizo, por un importe total de 783,69 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/787

Dáse conta do escrito presentado por D. Xoán Xosé Bouzas Aboi, como Secretario Comarcal de **Confederación Intersindical Galega (CIG)**, solicitando autorización para instalación dunha mesa informativa o día 27 de febreiro de 2018, en horario de 10:00 a 13:00 horas na beirarrúa do Edificio Sindical, entre as Rúas Castelao e Alexandre Bóveda.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/788



Dáse conta do escrito presentado por **Dona María Xosé García Escudero**, solicitando autorización para instalación dunha mesa informativa o día 17 de febreiro de 2018, e para realizar unha concentración de pensionistas o día 22 de febreiro diante do edificio do Concello.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/790

Dáse conta do escrito presentado por **D. José Luis Naveira Crespo**, solicitando autorización para instalación dun posto cun remolque para venda de patacas fritas e “perritos calientes”, nas proximidades da Alameda (Avda. da Mariña), o sábado de Entroido.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/791

Dáse conta do escrito de **Club BTT Castrobikes**, solicitando autorización para celebración dunha “Ruta de BTT” pola zona do Monte de Cea, o día 22 de abril, en horario de 9:00 a 14:00 horas, así como a autorización para colocar unha caseta de duchas.

Vista a resolución do Presidente da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar o percorrido e colocación dunha caseta de duchas para a realización dunha Ruta BTT pola zona do Monte de Cea, supeditada á correspondente autorización do Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural.

2.- Comunicar á Comunidade de Montes de Cea aos efectos oportunos a citada ruta BTT.

3.- Previa a celebración deberá presentar póliza de responsabilidade civil e póliza de seguro de sinistros para os participantes na citada actividade.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Protección Civil e Emerxencias.

PRP2018/793

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **DALONGA, S.A.** para a reparación do vehículo matrícula 0680GSX, adscrito ao Servizo da Policía Local, por un importe total de 1.033,10 €, con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/826

Dáse conta do escrito presentado por **D. Ricardo Santamaría del Valle** solicitando autorización para instalar un escenario de 6 x 4 metros, na confluencia das Rúas Castelao e Xeneral Pardiñas o día 23 de febreiro, ás 12:00 horas co fin de realizar o tradicional concurso de tiraxe de cañas previo á celebración da Ruta de tapas “Destapa Vilagarcía”.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/841

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Movimiento de Áridos y Construc. Arosa, S.L.**, para subministro



de aglomerado quente e emulsión para o asfaltado e bacheo de diversas zonas no rural, por un importe de 7.470,54 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/842

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Construcións, Obras e Viais, S.A – COVSA**, para o subministro de aglomerado frío, aglomerado quente e emulsión para o asfaltado por reparación e rotura de saneamento en Cea, Xesteira, Trabanca Badiña, Trabanca Sardiñeira e Rúa San Roque, por un importe total de 10.082,93 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/821

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o prazo de admisión de solicitudes de inscrición na Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. para o curso 2018-2019:

- Prazo de renovación dos nenos xa matriculados no Centro: do 1 ao 15 de marzo.
- Prazo de solicitudes de novo ingreso: do 16 de marzo ao 3 de abril.

PRP2018/822

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de febreiro de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigación a favor de **Bonecos Vilagarcía, S.L.**, polo importe de 36.706,14 € con cargo á partida 323.48007.

PRP2018/823

Dáse conta do Plan de Obras e Servizos 2018-2019 (Plan Concellos) da Deputación de Pontevedra, publicado no BOP nº 2, de 3 de xaneiro de 2018.

Ó seu abeiro a Xunta de Goberno Local acorda solicitarlle á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención para o proxecto que a seguir se relaciona (Liña 2):

- Proxecto Actívate, cun orzamento total de 10.640,00 € (IVE incluído):

- Contía solicitada: 6.000,00 €
- Aportación Municipal: 4.640,00 €.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de febreiro de 2018 acordou adxudicar a prestación deste servizo a Centro Polivalente Ana M^a Parada.



ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/795

Vista a proposta do Director da Escola de Música e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para afrontar o Gasto Corrente Novo: Limpeza da Escola Municipal de Música por un importe de 9.500,00 €, perante á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018 da Deputación Provincial de Pontevedra (BOP nº 2, do 4 de xaneiro de 2018) e dentro da **Liña 2**: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes.

PRP2018/896

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Bañosprint, S.L.** para a impresión de 15.000 exemplares de marcapáxinas con motivo da celebración do Día de Rosalía de Castro o 24 de febreiro, por un importe total 907,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22627.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/797

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Autorizar a saída cultural do alumnado do Conservatorio de Vilagarcía a Vigo, o día 15 de marzo de 2018, baixo a coordinación do profesor D. Jesús González López, para asistir á Opera LA TRAVIATA, no Auditorio Mar de Vigo, con hora de saída a partir das 19:00 horas e regreso ás 01:00 horas do día 16 de marzo.
- Aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira, S.L.** por importe de 300,00 € (IVE incluído) para o desprazamento do alumnado para asistir á citada actividade.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Mercados

PRP2018/800

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos López Ferro, en representación da **Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para a apertura da praza de abastos o día 29 de marzo de 2018 (xoves santo).

Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2018/802

Vista a proposta da Concellería de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Lapsset España VR, S.L.** para subministro de asento para reposición na tirolina instalada na zona de xogos da Praia Concha-Compostela, por un importe total de 1.057,72 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.213.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

PRP2018/897

Vista a proposta da Concelleira Delegada da Área de Igualdade, tendo en conta o acordo plenario adoptado o día 22 de febreiro de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira, S.L.** para un servizo de autobús o día 4 de marzo, con motivo da asistencia á manifestación do Día Internacional da Muller que se vai a celebrar en Vigo, por un importe total de 370,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Sanidade

PRP2018/825

Vista a proposta da Coordinadora do SPAD, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira, S.L.** para Servizo de dous microbuses desde as Escolas Unitarias de Solobeira-Aralde e Guillán-Bamio, ao Auditorio Municipal, o día 7 de marzo, para o desprazamento de nenos/as e profesores con motivo do Programa “Cine e Saúde: O Cine como elemento de prevención”, por un importe total de 154,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2311.22617. (prox. 3 1/35/2017)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/827

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais: Por Resolución do Instituto Enerxético de Galicia, do 26 de decembro de 2017 (DOGA número 21 do 30 de xaneiro de 2018), aprobáronse as bases reguladoras e se anunciou a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Dende fai uns anos este concello esta levando a cabo a substitución dos sistemas de calefacción dos Centros Culturais por outros cunha mellor eficiencia enerxética. Seguindo con estas iniciativas propónse a instalación dunha caldeira de biomasa de potencia 64 Kw na casa de Cultura de Trabanca Badiña.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a memoria técnica para a instalación de caldeira de biomasa na Casa de Cultura de Trabanca Badiña, redactado polo Encargo de Mantementos Municipais, D. Ramón Caldas Ferro, por importe de 28.397,49€, que inclúa o subministro do equipo térmico, cos seus correspondentes accesorios, sistema de alimentación de combustible e montaxe e conexiónado.



2.- Solicitar ao Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), ao abeiro da Resolución publicado no DOGA número 21 do 30 de xaneiro de 2018, de subvencións para proxectos de enerxías renovables, o financiamento do citado investimento nunha porcentaxe do 80%.
Financiando o Concello o 20% restante (5.679,50€) con cargo á partida 334-63200.

PRP2018/828

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais:

Por Resolución do Instituto Enerxético de Galicia, do 26 de decembro de 2017 (DOGA número 21 do 30 de xaneiro de 2018), aprobáronse as bases reguladoras e se anunciou a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Dende fai uns anos este concello esta levando a cabo a substitución dos sistemas de calefacción dos Centros Culturais por outros cunha mellor eficiencia enerxética. Seguindo con estas iniciativas propónse a instalación dunha caldeira de biomasa de potencia 32 Kw na casa de Cultura de Bamio

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a memoria técnica para a instalación de caldeira de biomasa na Casa de Cultura de Bamio, redactado polo Encargo de Mantementos Municipais, D. Ramón Caldas Ferro, por importe de 13.562,89€, que inclúa o subministro do equipo térmico, cos seus correspondentes accesorios, sistema de alimentación de combustible e montaxe e conexiónado.

2.- Solicitar ao Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), ao abeiro da Resolución publicado no DOGA número 21 do 30 de xaneiro de 2018, de subvencións para proxectos de enerxías renovables, o financiamento do citado investimento nunha porcentaxe do 80%.

Financiando o Concello o 20% restante (2.712,58€) con cargo á partida 334-63200.

PRP2018/829

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais:

Por Resolución do Instituto Enerxético de Galicia, do 26 de decembro de 2017 (DOGA número 21 do 30 de xaneiro de 2018), aprobáronse as bases reguladoras e se anunciou a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Dende fai uns anos este concello esta levando a cabo a substitución dos sistemas de calefacción dos Centros Culturais por outros cunha mellor eficiencia enerxética. Seguindo con estas iniciativas propónse a instalación dunha caldeira de biomasa de potencia 32 Kw na casa de Cultura de Rubiáns

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a memoria técnica para a instalación de caldeira de biomasa na Casa de Cultura de Bamio, redactado polo Encargo de Mantementos Municipais, D. Ramón Caldas Ferro, por importe de 28.397,49€, que inclúa o subministro do equipo térmico, cos seus correspondentes accesorios, sistema de alimentación de combustible e montaxe e conexiónado.

2.- Solicitar ao Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), ao abeiro da Resolución publicado no DOGA número 21 do 30 de xaneiro de 2018, de subvencións para proxectos de enerxías renovables, o financiamento do citado investimento nunha porcentaxe do 80%.

Financiando o Concello o 20% restante (5.679,50€) con cargo á partida 334-63200.



PRP2018/830

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a memoria valorada denominada “Restauración de barandillas antigas no entorno de Vista Alegre”, redactada polo Arquitecto do ARI D. Iago Fernández Puentes, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 13.398,16 €, e que conta con informe favorable da Comisión Territorial de Patrimonio.

2.- Solicitar subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para esta da actuación (Renovación Mobiliario Urbano), xunto con outros proxectos, con cargo ao Plan Concellos 2018-2019.

PRP2018/831

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de marzo de 2017, aprobouse o proxecto denominado “Mellora de cuberta da Praza de Abastos de Vilaxoán” redactado polo arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun orzamento de 50.397,03€ (IVE engadido).

A través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), remitiuse invitación ás seguintes empresas: Endenor, Mantenimento y Servicios, S.L.; Construcciones Jacinto Vidal, S.L.; Construcciones PiñyFer, S.L. e Construcciones Metálicas Arosa, S.L.U.

Dentro do prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)
Sestrama-09 S.L.	33.320,35 €
CPA	26.044,00 €
Planificación, desarrollo y gestion de construcciones, S.A.	28.016,53 €
Construcciones Balboa y Buceta, S.L.	33.250,00 €
Actividades de Construcción Edificación y viales, S.L.	26.714,33 €
Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.	28.972,05 €
Construcciones Piñyfer, S.L.	29.840,10 €
Sergonsa Servicios, S.L.	27.899,00 €
Zona de Obra O Rosal, S.L.	33.528,60 €
Edigrup Global, S.L.	36.165,00 €
Construcciones Jacinto Vidal	36.535,48 €
Marconsa	35.000,00 €
Endenor construcion mantenimiento y servicios, S.L.	34.206,57 €

Realizados os cálculos previstos no artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aos efectos de comprobar se algunha das ofertas presentadas se atopa incursa en valores anormais ou desproporcionados, obsérvase que as ofertas presentadas por CPA- Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. presenta unha desproporción do 14,95% e Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. presenta unha desproporción do 12,75% inferiores á media das ofertas presentadas.

Unha vez presentada a xustificación por parte da citada mercantil, emítese informe polo arquitecto municipal, con data 21 de febreiro de 2018, onde propón desestimar a xustificación da baixa desproporcionada presentada por CPA- Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. e Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.



Visto o informe emitido, o órgano de contratación, con data 21 de febreiro de 2018 acorda, non aceptar a xustificación da baixa desproporcionada presentada por CPA- Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. e Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. e, en consecuencia excluír aos citados licitadores da licitación que ten por obxecto adxudicar o contrato de obras denominado “Mellora de cuberta da Praza de Abastos de Vilaxoán”. Sendo o único criterio de adxudicación o prezo a clasificación das ofertas por orden decrecente sería a seguinte:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Sergonsa Servicios, S.L.	27.899,00 €	5.858,79€	33.757,79€
Planificación, desarrollo y gestion de construcciones, S.A.	28.016,53 €	5.883,47€	33.900,00€
Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.	28.972,05 €	6.084,13€	35.056,18€
Construcciones Piñyfer, S.L.	29.840,10 €	6.266,42€	36.106,52€
Construcciones Balboa y Buceta, S.L.	33.250,00 €	6.982,50€	40.232,50€
Sestrama-09 S.L.	33.320,35 €	6.997,27€	40.317,62€
Zona de Obra O Rosal, S.L.	33.528,60 €	7.041,01€	40.569,61€
Endenor construcion mantenimiento y servicios, S.L.	34.206,57 €	7.183,38€	41.389,95€
Marconsa	35.000,00 €	7.350,00€	42.350,00€
Edigrup Global, S.L.	36.165,00 €	7.594,65€	43.759,65€
Construcciones Jacinto Vidal	36.535,48 €	7.672,45€	44.207,93€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de obras de “Mellora de cuberta da Praza de Abastos de Vilaxoán”, á empresa Sergonsa Servicios, S.L. (B70372032)., por un importe de 27.899,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 5.858,79€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 33.757,79€, con cargo á partida 4312.63200. (Proxecto (2) 01/69/2017).

2.- Nomear director de obra ao arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

PRP2018/832

Dáse conta dos escritos presentados por Dona Cristina Gómez de María, en representación de **Bonecos Vilagarcía, S.L.** solicitando a adquisición polo Concello de unha neveira, seis mesas e corenta cadeiras por deterioro das existentes nas instalacións.

Visto o informe da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado, dado que a petición formulada é unha obriga do concesionario, conforme ao establecido no prego de cláusulas económico administrativas que rexeron o concurso para a concesión da xestión do servizo de gardería infantil municipal, que indica:

2.- O concesionaria está obrigado a:

....

d) A aportar os medios materiais, complementando os que adscriba o Concello (mobles e instalacións) que foran precisos para a boa marcha do Servizo.

PRP2018/833

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de marzo de 2017, aprobouse o proxecto denominado “Recuperación dos lavadoiros de Vilaxoán e Trabanca Badiña” redactado polo arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun orzamento de 30.000,00€ (IVE engadido).



A través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), remitiuse invitación ás seguintes empresas: Construcciones y Promociones Salpor, S.L.; Construcciones Valiñas, S.L.; Constructora Edispero, S.L. e Grupo Oresa, S.L.

Dentro do prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)
NAROM, S.L.	22.951,24€
CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA, S.L.	33.250,00€
Actividades De Cosntrucción Edificación y Viales, S.L.	17.387,42€
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS, S.L.	20.995,04€
ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	19.214,87€
EDIGRUP GLOBAL, S.L.	21.074,38€
CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES SALPOR, S.L.	22.809,92€
MARCONSA, S.L.	21.074,38€

Realizados os cálculos previstos no artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aos efectos de comprobar se algunha das ofertas presentadas se atopa incursa en valores anormais ou desproporcionados, obsérvase que as ofertas presentadas por Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. presenta unha desproporción do 16,35% inferior á media das ofertas presentadas.

Unha vez presentada a xustificación por parte da citada mercantil, emítese informe polo arquitecto municipal, con data 21 de febreiro de 2018, onde propón desestimar a xustificación da baixa desproporcionada presentada por Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.

Visto o informe emitido, o órgano de contratación, con data 21 de febreiro de 2018 acorda, non aceptar a xustificación da baixa desproporcionada presentada por Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. e, en consecuencia excluír ao citado licitador da licitación que ten por obxecto adxudicar o contrato de obras denominado “Recuperación dos lavadoiros de Vilaxoán e Trabanca Badiña”.

Sendo o único criterio de adxudicación o prezo a clasificación das ofertas sería a seguinte:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE incluído)
ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	19.214,87€	4.035,12€	23.249,99€
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNES, S.L.	20.995,04€	4.408,96€	25.404,00€
EDIGRUP GLOBAL, S.L.	21.074,38€	4.425,62€	25.500,00€
MARCONSA, S.L.	21.074,38€	4.425,62€	25.500,00€
CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES SALPOR, S.L.	22.809,92€	4.790,08€	27.600,00€
NAROM, S.L.	22.951,24€	4.819,76€	27.771,00€
CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA, S.L.	33.250,00€	6.982,50€	40.232,50€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de obras de “Recuperación dos lavadoiros de Vilaxoán e Trabanca Badiña”, á empresa ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B94106663), por un importe de 19.214,87€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 4.035,12€ o que totaliza



unha oferta (IVE engadido) de 23.249,99€, con cargo á partida 336.63200. (Proxecto (2) 01/70/2017).

2.- Nomear director de obra ao arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

PRP2018/834

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais:

Por Orde do 27 de decembro de 2017 (DOGA número 12, do 17 de xaneiro) publicou a Consellería de Economía, Emprego e Industria, as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas destinadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, procedéndose a súa convocatoria para o ano 2018.

É intención deste concello proceder á mellorar o firme de acceso ao Polígono Industrial de Trabanca Badiña e ampliar un vial interior. Con este motivo o enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González redactou anteproxecto por importe de 85.692,28€ (IVE engadido).

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o anteproxecto denominado “Mellora do firme do Polígono Industrial de Trabanca Badiña”, o enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González por importe de 85.692,28€ (IVE engadido).

2.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da Orde Publicada no DOGA número 12 do 17 de xaneiro de 2018, de axudas destinada á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais de Galicia, o financiamento do citado investimento nunha porcentaxe do 80%.

Financiando o Concello o 20% restante (17.134,46€) con cargo á partida 453.210.

PRP2018/835

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de novembro e 2017, aprobouse o proxecto denominado “Acondicionamento dos postos exteriores na praza da Verdura e Urbanización do paso intermedio” redactado polo arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun orzamento de 60.372,55€ (IVE engadido).

A través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), remitiuse invitación ás seguintes empresas: Felipe Galbán Suárez; Contruccionos Miguel Ángel Rey, S.L. e Obras, Reformas e Saneamentos, S.L. (ORESA).

Dentro do prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Zona de Obra o Rosal, S.L	39.666,26€	*8.329,92€	47.996,18€
Ogmios Proyecto, S.L	49.294,67€	10.351,88€	59.646,55€
Excavaciones y Transportes Ivanca, S.L	48.947,87€	10.279,05€	59.226,92€
Sergonsa Servicios, S.L	49.595,00€	10.414,95€	60.009,95€
Prace, Servicios y Obras, S.A	49.894,67€	10.477,88€	60.372,55€
Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L	34.771,60€	7.302,04€	42.073,64€
Imelfa e Hijos, S.L	44.905,20€	9.430,09€	54.335,29€
Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L	39.538,78€	8.303,14€	47.841,92€
Rocas Graníticas del Condado, S.L	39.700,00€	8.337,00€	48.037,00€
Sestrama-09, S.L	36.922,05€	7.753,63€	44.675,68€
Construcciones Abal, S.A	39.084,56€	8.207,76€	47.292,32€
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L	42.700,00€	8.967,00€	51.667,00€
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L	33.402,68€	7.014,56€	40.417,24€



Rasalerez, S.L	44.705,00€	9.388,05€	54.093,05€
----------------	------------	-----------	------------

Realizados os cálculos previstos no artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aos efectos de comprobar se algunha das ofertas presentadas se atopa incursa en valores anormais ou desproporcionados, obsérvase que as ofertas presentadas por Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. presenta unha desproporción do 15,52% e Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L. presenta unha desproporción do 12,06% inferiores á media das ofertas presentadas.

Unha vez presentada a xustificación por parte da citada mercantil, emítese informe polo arquitecto municipal, con data 20 de febreiro de 2018, onde propón desestimar a xustificación da baixa desproporcionada presentada por Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. e Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.

Visto o informe emitido, o órgano de contratación, con data 20 de febreiro de 2018 acorda, non aceptar a xustificación da baixa desproporcionada presentada por Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. e Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L. e, en consecuencia excluír aos citados licitadores da licitación que ten por obxecto adxudicar o contrato de obras denominado “Acondicionamento dos postos exteriores na praza da Verdura e Urbanización do paso intermedio”.

Sendo o único criterio de adxudicación o prezo a clasificación das ofertas por orden decrecente sería a seguinte:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Sestrama-09, S.L	36.922,05€	7.753,63€	44.675,68€
Construcciones Abal, S.A	39.084,56€	8.207,76€	47.292,32€
Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L	39.538,78€	8.303,14€	47.841,92€
Zona de Obra o Rosal, S.L	39.666,26€	*8.329,92€	47.996,18€
Rocas Graníticas del Condado, S.L	39.700,00€	8.337,00€	48.037,00€
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L	42.700,00€	8.967,00€	51.667,00€
Rasalerez, S.L	44.705,00€	9.388,05€	54.093,05€
Imelfa e Hijos, S.L	44.905,20€	9.430,09€	54.335,29€
Excavaciones y Transportes Ivanca, S.L	48.947,87€	10.279,05€	59.226,92€
Ogmios Proyecto, S.L	49.294,67€	10.351,88€	59.646,55€
Sergonsa Servicios, S.L	49.595,00€	10.414,95€	60.009,95€
Prace, Servicios y Obras, S.A	49.894,67€	10.477,88€	60.372,55€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de obras de “Acondicionamento dos postos exteriores na praza da Verdura e Urbanización do paso intermedio”, á empresa Sestrama 09, S.L. (B27728492), por un importe de 36.922,05€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 7.753,63€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 44.675,68€, con cargo á partida 4312.63200. (Proxecto (2) 01/65/2017).

2.- Nomear director de obra ao arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

PRP2018/836

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de novembro de 2017, aprobouse o proxecto denominado “Construcción de 80 nichos no Cemiterio Municipal de Vilagarcía” redactado polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun orzamento de 48.400,80 € (IVE engadido).



A través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), remitiuse invitación ás seguintes empresas: Felipe Galbán Suárez; Construcciones Miguel Angel Rey, S.L. e Obras, Reformas e Saneamentos, S.L. (ORESAS).

Dentro do prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Construcciones Miguel Angel Rey, S.L	39.881,66€	8.375,15€	48.256,81€
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	32.514,46€	6.828,04€	39.342,50€
Construcciones Balboa y Buceta, S.L	38.800,00€	8.148,00€	46.948,00€
Actividades de construcción edificación y viales, S.L	30.802,97€	6.468,62€	37.271,59€
Construcciones Castro Figueiro, S.L.U	33.120,55€	6.955,32€	40.075,87€
Sergonsa Servicios, S.L	32.079,00€	6.736,59€	38.815,59€
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L	26.352,43€	5.534,01€	31.886,44€
Felipe Galbán Suárez	39.987,66€	8.397,41€	48.385,07€
Sestrama-09, S.L	29.600,49€	6.216,10€	35.816,59€

Con data 9 de xaneiro de 2018 o Arquitecto Municipal informa que a oferta presentada por Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.-CPA, presenta, con respecto ao prezo unha desproporción, do 14,29% inferior á media das ofertas presentadas, incorrendo polo tanto en baixa anormal ou desproporcionada.

Unha vez presentada a xustificación por parte da citada mercantil, emitese informe polo arquitecto municipal, con data 19 de febreiro de 2018, onde propón desestimar a xustificación da baixa desproporcionada presentada por Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.

Visto o informe emitido, o órgano de contratación, con data 20 de febreiro de 2018 acorda, non aceptar a xustificación da baixa desproporcionada presentada por Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. e, en consecuencia excluír ao citado licitador da licitación que ten por obxecto adxudicar o contrato de obras denominado “Construcción de 80 nichos no Cemiterio Municipal de Vilagarcía”.

Sendo o único criterio de adxudicación o prezo de clasificación das ofertas por orden decrecente, sería a seguinte:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Sestrama-09, S.L	29.600,49€	6.216,10€	35.816,59€
Actividades de construcción edificación y viales, S.L	30.802,97€	6.468,62€	37.271,59€
Sergonsa Servicios, S.L	32.079,00€	6.736,59€	38.815,59€
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	32.514,46€	6.828,04€	39.342,50€
Construcciones Castro Figueiro, S.L.U	33.120,55€	6.955,32€	40.075,87€
Construcciones Balboa y Buceta, S.L	38.800,00€	8.148,00€	46.948,00€
Construcciones Miguel Angel Rey, S.L	39.881,66€	8.375,15€	48.256,81€
Felipe Galbán Suárez	39.987,66€	8.397,41€	48.385,07€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato de obras “Construcción de 80 nichos no Cemiterio Municipal de Vilagarcía”, á empresa Sestrama 09, S.L. (B27728492), por un importe de 29.600,49 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 6.216,10 €, o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 35.816,59 €, con cargo á partida 164.62200 (Proxecto (2) 01/24/2016)



PRP2018/837

Dáse conta do expediente de contratación a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia para adxudicar o “Subministro de máquina astilladora ou trituradora” e das ofertas presentadas, seguintes:

Licitador	Oferta IVE excluído	IVE 21%	Oferta IVE engadido
Francisco Padín Silva	26.900,00 €	5.649,00 €	32.549,00 €
Ramón Lois, SL	28.512,40 €	5.987,60 €	34.500,00 €
Torneiro Maquicoruña, SA	25.206,00 €	5.293,26 €	30.499,26 €
Baygar, SL	24.670,00 €	5.180,70 €	29.850,70 €
Talleres Hércules, SL	29.670,00 €	6.230,00 €	35.900,00 €

Trala rolda de negociación presentáronse as seguintes ofertas melloradas:

Licitador	Oferta IVE excluído	IVE 21%	Oferta IVE engadido
Ramón Lois, SL	28.000,00 €	5.880,00 €	33.880,00 €
Baygar, SL	24.175,00 €	5.076,75 €	29.251,75 €

Emitido informe polo encargado de mantementos municipais, unha vez aplicados os criterios de adxudicación resulta a seguinte clasificación:

Licitador	Puntos oferta económica	Puntos técnica do ben subministrado	Total puntos
Baygar, SL	51	34	85
Torneiro Maquicoruña, SA	41,57	32	73,57
Ramón Lois, SL	16,02	47	63,02
Francisco Padín Silva	26,08	33	59,08

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o investimento denominado “Subministro de Máquina Astilladora ou Trituradora”, á empresa **Baygar, S.L. (B12019659)**, por un importe de 24.175,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 5.076,75€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 29.251,75€, con cargo á partida 170.62300, de acordo coa oferta presentada. (Proxecto (2) 1/15/2017).

PRP2018/838

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar a Cofrivi, S.L. (B-36042653) a retirada, subministro e colocación de cortina de lamas basculantes PVC para cámara de frío, por importe de 850,00€ (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE 21% de 178,50€, o que totaliza un prezo de adxudicación de 1.028,50€, con cargo á partida 4312.213, de conformidade coa oferta presentada, que inclúe:

Cortina de lamas basculantes PVC para cámara de frío:

- Dimensións 1700 x 2500 mm.
- Espesor lamas 2 mm.
- Retirada das cortinas existentes
- Instalación das cortinas novas

2.- Nomear responsable do contrato aos efectos do artigo 52 do RDL 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao encargado do mercado D. Jesús Rodrigo Crespo Araujo.

PRP2018/839

Dáse conta da acta do Comité de Dirección da EDUSI “Vilagarcía Avanza”, do Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2020, correspondente a sesión constitutiva do Comité de Dirección da Estratexia DUSI celebrada o día 29 de xaneiro de 2018.



A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/887

Dáse conta do informe da Intervención Municipal, en relación coa xestión e recadación do recargo provincial sobre o I.A.E. durante o exercicio de 2017, no que se indica que os dereitos liquidados e recadados, correspondentes ó exercicio foron os seguintes:

CONCEPTOS	IMPORTE TOTAL
Total cota municipal	596.611,21 €
Total cota municipal ponderada	355.363,90 €
Total recargo devengado	106.609,17 €
Total recargo recadado	98.223,33 €
Total pendente de recadación	8.292,47 €

Dáse conta das cantidades recadadas correspondentes a exercicios anteriores e pendentes de ingreso na Tesourería Provincial, coa seguinte desagregación:

Recargo Provincial 2016	1.215,24€
Recargo Provincial 2015	338,75 €
Recargo Provincial 2014	866,05 €
Recargo Provincial 2013	0,00 €
Recargo Provincial de anos anteriores	535,55 €
TOTAL	2.955,59 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obrigación a favor da **Excma. Deputación Provincial**, por importe total de 101.178,92€

PRP2018/888

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de xaneiro de 2018, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 900,00 €
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.

PRP2018/889

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de decembro de 2017, por un importe total de 4.510,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	110	660,00



D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	7	110	770,00
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	7	110	770,00
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	1	110	110,00
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	2	110	220,00
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	2	110	220,00
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	1	110	110,00
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	2	110	220,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	2	110	220,00
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	2	110	220,00
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	2	110	220,00
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ	1	110	110,00
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	2	110	220,00
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	2	110	220,00
D. MIGUEL ALVES LAGO	2	110	220,00
TOTAL			4.510,00

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.